

CIRCULAR 04/2022 – INSTRUCCIÓN ENVÍO DOCUMENTACIÓN PROCESO ELECTORAL Á SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Unha vez rematado o proceso electoral, coa toma de posesión da presidencia da federación correspondente, deberá achegarse á Secretaría Xeral a seguinte documentación:

- Acta de toma de posesión da presidencia
- Acta de toma de posesión dos membros electos da asemblea xeral.
- Acta de toma de posesión dos membros da comisión delegada, se a houber.
- Certificación da secretaría onde conste a composición da xunta directiva.

A documentación deberá enviarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>), xunto coa solicitude normalizada PR004A.

O resto de documentación quedará custodiada e arquivada nas dependencias da federación.

A presente circular está publicada xunto co resto de normativa electoral na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: <https://deporte.xunta.gal/gl/procesos-electorais-2022>.